

O que non se ve, non existe. E na época franquista, o director sueco Ingmar Bergman non existiu en España ata 1961, cinco anos despois da súa estrea, cando foi permitida a proxección de *O sétimo selo* ("Det sjunde inseglet") se ben cos diálogos alterados na doblaxe (non restaurada VO substituída ata 1991). Sorprendentemente, foi un éxito de público – polo menos en Barcelona – se ben poucos foron capaces de entendela.

A película fora proxectada na Semana de Cine Relixioso de Valladolid en 1960 (gañou o Lábaro de Ouro) pola habelencia do xesuíta Carlos Staehlin, censor cinematográfico mais cinéfilo militante, que tamén trouxo *Os 400 golpes* de François Truffaut. Daquela, Bergman xa levaba rodadas unhas quince películas, inéditas daquela en España, entre elas *Un verán con Mónica* (1953), que o deu a coñecer por Europa adiante, e cunha escena que resultou polémica. Porén, *O sétimo selo* non contiña ningún elemento que xustificase a prevención da censura franquista. En primeiro lugar porque, se hai unha película feita en clave simbólica que resulte de comprensión limitada a un público culto, esa é *O sétimo selo*. Alén, este film de Bergman presenta como poucos na historia do cinema a pescuda do sentido da vida humana cara a Deus e a alternativa da morte coma única certeza existencial. Está ambientada na Idade Media, cando Antonius Block, un cabaleiro sueco, regresa á súa terra despois de loitar nas Cruzadas. Porén non é un film historicista nin tampouco Bergman tentou unha recreación fidedigna da Suecia daquel tempo. Na Idade Media a vida humana era fráxil e a morte colectiva, por pestes ou polas fames negras, unha obsesión permanente en Europa. Iso aumentaba o chamado "temor de Deus", que non era senón o eufemismo que a Igrexa aplicaba ao medo a vivir e ao medo a morrer. Cando Block (Max Von Sydow) chega á súa terra e a atopa dominada pola peste, fica desacougado pola súa ausencia de dez anos. Aparéceselle a Morte (Bengt Ekerot) e ambos os dous xogan unha partida de xadrez, a maneira de procurar, na espera, un sentido á súa vida.

Canto á forma e ao contido, *O sétimo selo* bebe en fontes perfectamente identificables. O título está collido da *Apocalipse* de Xoán, que no seu capítulo 8 versículo 1 di: "O sétimo selo: gran silencio no ceo. E cando tivo aberto o sétimo selo, seguiu un silencio no ceo, cousa de media hora". Canto á linguaxe, Bergman é herdeiro de Eisenstein e de Dreyer. E a escena máis coñecida, a da partida de xadrez, está inspirada nun fresco de Albert Malåre, un pintor sueco do século XV, na igrexa de Täby.

E coma Dreyer amosou en *Ordet* ("A palabra", 1955), á súa maneira de facer cine non era allea a rigorosidade luterana. Bergman era fillo dun pastor protestante e de neno acompañábao aos ofi-

cios que tiña que facer nas aldeas veciñas de Estocolmo. Aquelas esperas nos templos mentres o seu pai predicaba levaron ao neno Bergman a observar as formas das igrexas e as súas pinturas antigas. Entre elas, as que amosaban escenas terroríficas da Biblia, explicadas, porén, con gran calidez e sensibilidade. Foi esa ollada dos pintores medievais a que colleu Bergman para "pintar" *O sétimo selo*. Así, os persoaxes son arquetipos: os xograis, o camiñante morto, as labregas,

os penitentes. Non teñen outra posibilidade de vida que a lles correspondeu, definidos e guiados polo destino divino. Co contrapunto da meiga –ese outro mundo que tamén recolleu Shakespeare en *Macbeth*–, verdadeira alternativa terrenal a Deus. Mais nin a meiga nin o diño teñen respostas para o cabaleiro Block.

O sétimo selo segue a ser un verdadeiro clásico e a demostración –nestes tempos nosos de trucos tecnolóxicos– de

que o cine só precisa un bo guión, boa fotografía, actores competentes e talento. Quizais o problema, cincuenta anos despois, é que os máis dos mortais xa non procuran o sentido da vida (nin a Deus), rendidos á frivolidade ou ao dogma doutrinal.

Woody Allen, o máis europeo dos cineastas americanos, ficou impresionado de mozo por esta película e dedicoulle unha parodia–homenaxe en *A derradeira noite de Boris Grushenko* (1975).

Desacougo Bergman

50 anos de *O sétimo selo*

JOAQUIM VENTURA




FOTO: ELI REGUEIRA

ARTE: "CASUS BELLI" NO AUDITORIO DE GALICIA / pág. III

"MEU CANTO": ENTREVISTA CON UXÍA / pág. V

TEATRO: "AQUELAS COUSAS DO VERÁN" / pág. VIII